CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	2.5%		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	2.5%		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	2.5%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.

Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
8	Just an illusion	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	4%	PE	32
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	4%		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	4%		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	4%		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	3%	TI	68

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	3%		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	3%		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	3%		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	3%		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	3%		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	3%		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	3%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	2.5%		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	2.5%		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	2.5%		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	2.5%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e

Contidos

- estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para

elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

- A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Students' Book. Están explicadas no Teacher's Manual e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

- A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

- Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias,

independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Outlook 1

O manual que se empregará será "Outlook 1", de Burlington. Cada manual consta de student' book e workbook. A maiores destes manuais, cada alumno/a estará matriculado nunha aula virtual a través da cal poderán entregar e recibir tarefas e materiais.

De ser necesario, o profesorado recorrerá a fichas de extra practice, worksheets de vocabulario e gramática dispoñibles no Teachers' All-in-One Pack, así como a input orixinal adaptado ao nivel do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A comezos de curso, farase unha proba inicial que permita comprobar o nivel real de cada alumno/a e da clase en xeral. Terá un carácter meramente informativo. Esta proba permitirá tomar as primeiras medidas de adaptación no caso de que sexan necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	13	13	13	13	13	13	11	100
Proba escrita	30	34	32	32	32	36	32	32	33
Táboa de indicadores	70	66	68	68	68	64	68	68	67

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación para 1º de BACH son os seguintes:

1º AVALIACIÓN

- Exames (75%). Estes contarán dun exame parcial, que contará cun peso do 15%, e unha serie de exames finais: gramática e vocabulario (20%), listening (10%), reading (10%), speaking (10%) e writing (10%). A nota mínima no exame final de gramática e vocabulario é 3. De non acadalo, e despois de valorar a situación específica do alumno, non se poderá sumar a nota obtida nas outras destrezas, sendo a nota final o resultado da nota acadada coas tarefas,

pois o libro de lectura ou proxecto soamente se suma se se chega ao 5 de media nos exames.

- Tarefas (15%). Aquí inclúense tanto as tarefas que se envíen a casa, como todas as actividades que se fagan en clase ou na aula virtual.

- Libro lectura (10%). A nota obtida polo libro de lectura ou o proxecto poderá sumar ata un punto e medio máximo sempre e cando se teña mínimo un 5 de media nos exames. De non acadar este mínimo, ou non se sumará ou terase en conta a situación específica de cada alumno/a.

2º AVALIACIÓN

- Exames (75%). Estes contarán dun exame parcial, que contará cun peso do 15%, e unha serie de exames finais: gramática e vocabulario (20%), listening (10%), reading (10%), speaking (10%) e writing (10%). A nota mínima no exame final de gramática e vocabulario é 3. De non acadalo, e despois de valorar a situación específica do alumno, non se poderá sumar a nota obtida nas outras destrezas, sendo a nota final o resultado da nota acadada coas tarefas, pois o libro de lectura ou proxecto soamente se suma se se chega ao 5 de media nos exames.

- Tarefas (15%). Aquí inclúense tanto as tarefas que se envíen a casa, como todas as actividades que se fagan en clase ou na aula virtual.

- Proxecto (10%). O alumnado terá que facer unha presentación oral na clase na que se avaliará tanto o contido como o oral. Este último permitirá obter a nota correspondente á nota do speaking.

3º AVALIACIÓN

- Exames (75%). Estes contarán dun exame parcial, que contará cun peso do 15%, e unha serie de exames finais: gramática e vocabulario (20%), listening (10%), reading (10%), speaking (10%) e writing (10%). Para o speaking farase unha proba específica. A nota mínima no exame final de gramática e vocabulario é 3. De non acadalo, e despois de valorar a situación específica do alumno, non se poderá sumar a nota obtida nas outras destrezas, sendo a nota final o resultado da nota acadada coas tarefas, pois o libro de lectura ou proxecto soamente se suma se se chega ao 5 de media nos exames.

- Tarefas (15%). Aquí inclúense tanto as tarefas que se envíen a casa, como todas as actividades que se fagan en clase ou na aula virtual.

- Libro lectura (10%). A nota obtida polo libro de lectura ou o proxecto poderá sumar ata un punto e medio máximo sempre e cando se teña mínimo un 5 de media nos exames. De non acadar este mínimo, ou non se sumará ou terase en conta a situación específica de cada alumno/a.

Para poder aprobar, o alumno/a deberá ter unha media de mínimo 5 entre todos os exames (parciais e finais). De non chegar ao 5, terase en conta a situación específica de cada alumno/a. A nota mínima da parte de gramática e vocabulario no exame final (non necesariamente no parcial) será igual ou superior a 3 para poder sumar os resto das porcentaxes correspondentes ás outras destrezas: listening, reading, writing...

A nota da avaliación ordinaria será o resultado da media das tres avaliacións, cuxas porcentaxes son 20% (1ª avaliación), 30% (2ª avaliación) e 50% (3ª avaliación).

Criterios de recuperación:

A avaliación da materia de inglés é continua, polo que, no suposto de que algún alumno non obtivese unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións, poderá recuperala aprobando a seguinte. Non se establecen exames de recuperación durante o curso, entendendo que se se supera a materia no último trimestre a materia será aprobada.

No caso do alumnado de 1º de BACH, de non acadar unha cualificación positiva na convocatoria ordinaria, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivese algunha avaliación parcial superada. Para superar o exame, o alumnado debe amosar uns coñecementos mínimos nos contidos correspondentes, é dicir, debe acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As diferentes probas e tarefas enviadas ao longo do curso, ademais das anotacións do profesor, permitirán un seguimento individual do alumnado e unha atención individualizada e así poder atender ás necesidades específicas de cada estudante.

A avaliación da materia de inglés é continua, polo que, no suposto de que algún alumno non obtivese unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións, poderá recuperala aprobando a seguinte. Non se establecen exames de recuperación durante o curso, entendendo que se se supera a materia no último trimestre a materia será aprobada.

O alumnado que teña pendente a materia do curso anterior poderá recuperala da seguinte maneira:
Durante a primeira e segunda avaliación do curso actual, o alumno con pendente recibirá un dossier de exercicios sobre os contidos do ano anterior. A materia pendente entenderase como superada se entrega os exercicios e obtén unha nota positiva, ademais de ter aprobadas as avaliacións 1ª e 2ª do presente curso. Se non entrega algún dos boletíns ou non aproba a segunda avaliación, terá que facer un exame final a finais de maio.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para poder aprobar, o alumno/a deberá ter unha media de mínimo 5 entre todos os exames (parciais e finais). De non chegar ao 5, terase en conta a situación específica de cada alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos elementos que promove a LOMLOE é a atención para a diversidade. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

No material destinado ao profesor (Teacher's Manual) propóñense actividades de reforzo e consolidación para o alumnado así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

Nos Teacher's All-in-One Pack o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis de consolidación e de ampliación por unidade.

En calquera caso, de detectarse alumnado con especiais dificultades no proceso de aprendizaxe, o departamento, asesorado pola docente de dito alumnado, proporcionará material específico máis básico (vocabulario, use of English) para traballar fóra da aula, dun xeito que permita ao alumno reforzar/recuperar coñecementos básicos para a súa correcta evolución. Esta medida só será aplicable a alumnos que teñan demostrado certas carencias de coñecementos, e unha actitude positiva cara ao aprendizaxe da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Tecnoloxías da Información e Comunicación		X						X
ET.3 - Espírito emprendedor						X		
ET.4 - Educación cívica e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade e prevención de violencia de xénero	X				X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas culturais	Charlas culturais proporcionadas pola editorial Burlington			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación didáctica
Medidas de atención á diversidade
Uso das TICs
Competencias clave
Contidos trasversais
Alcance dos obxectivos
Práctica docente
Materiais e recursos
Distribución de espazos e tempos
Resultados de avaliación

Descrición:

Valoraranse estes elementos a través dos indicadores "Totalmente conseguido", "Parcialmente conseguido" e "Non conseguido".

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento do alumnado, o profesorado usará cadernos de aula (tanto en formato papel coma dixitais) para ir anotando toda aquela información relevante ao alumnado, e así poder atender ás súas necesidades reais.

As propostas de mellora para este curso son as seguintes:

- Limitar as fechas de entrega de traballos. Observouse que canto máis afastada notempo se atopa a data de entrega dos traballos, máis retrasan a súa elaboración, co consecuente esquecemento dos contidos que se viron para realizar dito traballo. Por isto, limitar a cantidade de tempo dispoñible faría que o alumnado comezase cantoantes tarefa e recordase todo o necesario para facela.

- Facer redaccións na clase de maneira guiada. Ao enviar as redaccións como tarefas para a casa, observouse que na maioría dos casos se trataban de escritos copiados de Internet ou do propio libro de texto, sen levar a cabo un proceso de aprendizaxe. Por iso, considérase que a través dunha elaboración guiada na clase, o alumnado poderíare ter de maneira máis positiva os pasos para elaborarlos diferentes escritos.

- Realizar saídas culturais dentro do posible. O contacto coa lingua inglesa en contextos reais suporía unha influencia moi positiva no alumnado. Por iso, semella unha boa idea acudir a obras teatrais, películas ou mesmo o intercambio virtual con alumnado doutros países.

- Para as probas orais, proponse un cambio do formato do exame realizado ata o momento, o cal consistía en proporcionarlle 15 preguntas para preparalas na casa, e no exame entraríanlle cinco. Debido á cantidade de tempo que é necesaria adicar a estas probas, proponse unha nova maneira de avalialos: a realización por parexas ou de maneira individual dun vídeo onde saian falando da temática escollida.

9. Outros apartados